




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
SECRETARÍA XERAL DE ASUNTOS ACADÉMICOS

27 SET 2001



INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE IMPUTACIÓN DE CRÉDITOS OPTATIVOS PARA AS ADAPTACIÓNS DO CURSO 2000-2001 NOS PLANOS DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

A Resolución Rectoral do 2 de outubro de 2000 establece, no primeiro apartado, que os alumnos que realicen a adaptación nos tres planos de estudio de Historia, Historia da Arte e Xeografía que se implantan no curso 2000/2001, poderán imputalos créditos optativos cursados no plano de 1993 a calquera dos ciclos do plano que se adapte, con independencia de que no plano de estudos de procedencia estes créditos estivesen vinculados ó primeiro ou ó segundo ciclo.

Esta norma debe aplicarse con respecto, exclusivamente, ás materias optativas do plan de 1993 que non teñan equivalencia no novo plan de estudos do 2000.

Sen embargo, debido á complexidade e demora nos procedementos de adaptación no presente curso académico 2000/2001, o que orixinou que os alumnos non tiveran unha información axeitada sobre estes aspectos, cómpre autorizar, con carácter excepcional e para o presente curso académico 2000-2001, a expedición do título de licenciado para os alumnos destas titulacións que teñan superados a totalidade dos créditos optativos que se determinan nos planos de estudio, computándose a estes efectos os créditos optativos adaptados globalmente con independencia do ciclo ó que estean vinculadas no novo plan de estudos.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2001.

O SECRETARIO XERAL


Gumersindo Guinarte Cabada

Sr. Xefe da Uxa. Campus Sur.